

Rosalía no 175 aniversario

1 de marzo de 2012

O pasado vinte e catro de febreiro foi o 175 aniversario do nacemento da nosa poetisa Rosalía de Castro. Co gallo desta celebración, A Asociación de Escritores da Lingua Galega en Lugo - da man de Isidro Novo e Antonio Reigosa – programaron no Instituto “Lucus Augusti” un recital de poesía no que interviron os alumnos e os poetas e profesores deste Centro: Manel Matalobos, Adela Figueroa e Xosé Otero Canto.

Incluimos aquí unha destas poesías feitas para o acto por Xosé Otero Canto e baseada nos lugares polos que Rosalía transitou e naquelas palabras que expresou Rosalía na súa casa de Padrón un pouco antes de morrer “Abrídeme a ventá, que quero ver o mar”. Evidentemente dende Padrón non se pode ver o mar.

PARA ROSALÍA (Abrídeme a ventá)

Abrolla un rosal florido na primavera de febreiro.
Abrídeme a ventá que quero ver a vida !
Vinte e catro roseiras na casa do Camiño Novo.
Na casa de Conxo, a Rosaleda da vida.

Aínda en Bastabales se oi a campá
co resón da dor.
Treman as rosas das campás de Bastabales
cos estames pendurados dos bádais.
Treman os trigos de Castela cos airiños desta rosa
e as buxías do desalento.

Nesta terra un rosal ía, Rosalía.

Canto pétalo soltou o rosal de Rosalía!
Canta bágoa de orballo tremelocente
na rosada do sentimento!
Canta auga de rosas para lavar a liberdade!
Canta auga de rosas para lavar a dor!
Canta auga perfumada de rosas e espiñas
para purificar o abatemento,
o padecer,
o baleiro!

Orfa morte. Emigración do infortunio.
Sacádeme este cravo do corazón!
Eterna noite. Baleiro en Lastrove.
Bater de sombras en Padrón.
Arretén, feminina dor de liberdade
nesta soildade,
neste desacougo.
Badaladas de silencio en Adina.
Sacádeme este cravo do corazón!
Escorrentádeme esta negra sombra que me aniña!
Abrídeme a ventá . . . que quero ver o mar!